

ATIVIDADE CIENTÍFICA EN BURELA

DIVULGANDO RESISTENCIAS:

Charlas e mesas redondas coa participación da comunidade caboverdiana de Burela – Galiza

10 -11 DE NOVEMBRO DE 2022

BURELA - GALICIA

OBXECTIVOS

Esta proposta forma parte da estadía investigadora e do intercambio académico que investigadores da Universidade de Cabo Verde están a realizar coa Universidade de Santiago de Compostela. Isto, á súa vez, forma parte das actividades do proxecto **RESISTANCE** (H2020-778076-MSCA-RISE-2017), financiado pola Unión Europea.

O obxectivo destas xornadas en Burela é promover a difusión das distintas formas de resistencia en Cabo Verde na diáspora, implicando á comunidade de Burela, en especial á comunidade caboverdiana de Burela-Galiza e as súas segundas xeracións, a través do coñecemento xeral sobre a cultura caboverdiana e as súas vicisitudes no pasado. O batuque ou batuku é unha forma de expresión e resistencia cultural que, no pasado colonial, resistiu os intentos de prohibilo pola orde establecida e que, no presente, fomentaba a interculturalidade e o diálogo cultural, propiciando a boa integración á comunidade insular nas sociedades de acollida.

PROGRAMA

XOVES DÍA 10:

11:00h – Acto de Benvida e recepción no IES Monte Castelo aos profesores Lourenço Gomes (Team Leader do Projeto RESISTANCE / Universidade de Cabo Verde) e **Elter Carlos** (Investigador do Projeto RESISTANCE / Universidade de Cabo Verde), acompañados pola profesora **Ana María Sixto Barcia** (Grupo de Investigación Historia Moderna- USC) e do estudiante caboverdiano **Geremias Andrade** (mestrado na USC/facultade de Xornalismo)

11:30-12:20h – Charlas dos poñentes e entrevista co alumnado caboverdiano, tendo como liña orientadora, e debate:

- ✓ Diálogo intercultural entre elementos da cultura caboverdiana (música, danza, tradicións e costumes...) e de aspectos identitarios de Galicia/Burela.

- ✓ Inquedanzas e intereses dos mozos que constitúen as segundas xeracións en coñecer Cabo Verde.

12:20-13:30h – Encontro-charla con Victoria Pérez, orientadora do Centro e coa profesora de Lingua e Literatura española, Elena Samartino, participante en varios proxectos educativos con Cabo Verde.

14:00h – Xantar


16:00h – Roteiro pola vila de Burela

19:00h – Recepición no Concello e encontro coa comunidade caboverdiana, ademais da participación doutros centros educativos. Actuación de Batuko-Tabanka

VENRES DÍA 11:

10:00h – Encontro co alumnado caboverdiano do IES Perdouro e charlas. Modelo Burela

13:00h – Regreso a Santiago de Compostela



MESAS REDONDAS EN BURELA

Presentación:

Ana M. Sixto Barcia (Universidade de Santiago de Compostela / WPL no proxecto Resistance)
O Resistance: un proxecto colaborativo

Relatorios:

Lourenço Gomes (Universidade de Cabo Verde / Team Leader do Proxecto RESISTANCE)

A cultura cabo-verdiana e vicissitudes relativas à afirmação de algumas manifestações culturais

Elter Carlos (Universidade de Cabo Verde / investigador no proxecto RESISTANCE)

O batuku de Cabo Verde: História, resistência e ação fomentadora da interculturalidade

Debate

10 de novembro de 2022

11:00 a 13:30 horas – IES Monte Castelo (Burela)

11 de novembro de 2022

10:00 a 12:30 horas – IES Perdouro (Burela)

Organizan: Herminia Pernas Oroza, IES Monte Castelo
 Ana M. Sixto Barcia, USC